

## **PREGUNTA DE AER SOBRE ARRANXO DE CAMIÑOS**

PLENO 28 XANEIRO 2016. ACTA 0002/2016

“No seu momento, no pleno do 5 de xuño do 2014, AER presentou unha moción na que se propoñía o seguinte acordo:

“Realización dun plan xeral de arranxo de camiños e vías interiores das parroquias, no que se priorice, como condición indispensable para a intervención, o establecemento dos aliñamentos (retranqueos) necesarios e o establecemento das beirarrúas ou zonas de tránsito cun ancho seguro para os peóns, cando ditas vías sexan usadas por automóbiles. Terase máxima prioridade naquelas vías que deixen espazo para carrís bici ou uso exclusivo de vehículos sen motor.”

Dita proposta foi rexeitada cos votos en contra do PP e do PSOE. Vistas as demandas continuas que estamos a recibir desde diferentes colectivos veciñais e entendendo que debería haber uns criterios para solucionar estes problemas, PREGUNTAMOS:

Que criterios de actuación segue a concellería de Vías e Obras e/ou Urbanismo respecto da tarefa de mantemento e mellora destes camiños/vías interparroquiais?

A concelleira BARCIELA BARROS di que están a seguir os criterios derivados das demandas dos veciños e dos consellos parroquiais así como ampliar camiños onde os veciños ceden e non hai problemas.